

# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

## IES AS TELLEIRAS

### **CONCURSO DE ILUSTRACIÓN**

#### **BASES**

1- Ao premio poderá concorrer o alumnado de IES 'As Telleiras' que presenten ilustracións orixinais baseadas ou relacionadas co microrrelato gañador da primeira fase.

2- Os/as interesados/as en participar deberán poñerse en contacto co coordinador de EDLG antes do **15 de febreiro** para facilitarlles unha copia do microrrelato gañador.

3- A ilustración ten que presentarse en tamaño A4, en branco e negro e admitiranse diversas técnicas (rotulador, tinta chinesa, acuarela, témpera...)

4- As obras irán nun sobre exclusivamente con pseudónimo. Dentro dese sobre introducirase outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo e o título da obra, e no seu interior os seguintes datos: nome e apelidos, curso e grupo do autor/a.

5- Os orixinais serán entregados á cordinadora de dinamización lingüística (Eva Ríos Vázquez) ao profesor/a titor/a do grupo ou en conserxería.

6- Haberá un só traballo gañador. A ilustración premiada (que recibirá un agasallo) pasará á seguinte fase: maquetación.

7- O prazo de admisión de orixinais remata o **15 de marzo 2019**.

8- O xurado estará formado por membros do Equipo de dinamización da lingua galega.

9- A participación neste concurso supón a plena e total aceptación das presentes bases.